



PARA AS FAMILIAS



Los platos más picantes de la cocina tártara, de Alina Bronsky. Coñece a hilarante historia de tres mulleres inesquecibles, cuxos destinos se enredan nunha traxicomedía familiar, que é tamén un retrato da nova Europa.

Madame Proust y la cocina kosher, de Kate Taylor. Libro no que se entrelazan tres historias en distintas épocas.. Unha delas refúxíase na súa cociña.



Como agua para chocolate dirixida por Alfonso Arau. Historia de amor e gastronomía ambientada en México a principios d século XX.

El festín de Babette, dirixida por Gabriel Axel. Óscar á mellor película de fala non inglesa en 1987. Tras gañar un premio de lotaría, Babette organiza un banquete gastronómico de postín para os seus novos veciños .



PARA TODOS/AS



Cociñando ao pé da letra, de Yolanda Castaño e Andrea Costas. Un libro de receitas, una obra literaria, ou todo iso e algo máis.

Colección Cociña infantil e familiar, da colección Ouvirmos. Estes libros ensinan a preparar pratos divertidos e creativos para experimentar en familia.



Ratatouille, dirixida por Brad Bird. Gaña dora do óscar á mellor película de animación en 2008. Conta a historia dunha rata que soña con converterse nun chef.

A BIBLIOTECA DE FLORA



**Deliciosas suxerencias
para o verán e...
¡ Bo apetito literario!**

CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN-XOVE

PARA OS/AS MÁIS PEQUENOS/AS



A casa da Mosca Chosca, de Eva Mejuto. Na casa da Mosca Chosca hai una torta de amoras, sete pratos, sete banquetas, sete animais a punto de merendar. Pero... alguén peta na porta...


Unha eiruga moi larpeira,

de Eric Carle. Intrépido percorrido polos días da semana, os números e un amplo variado de froitas e outros manxares larpeiros cos que a eiruga leva tal empacho que non recupera ata a metamorfose.




Gústame o chocolate, de Davide Cali. Gústame o chocolate: moito, moitísimo! Gústame cheirallo, mirallo, tocalo: pero maiormente comelo! O chocolate presta sempre, sempre é bo, sempre é diferente: nunca hai abondo!" - "Si, de acordo; pero que di a mamá?"

O gato lambón, de Patacrúa. Un gato insaciable que come todo o que se lle pon por diante. Texto encadeado que invita ao xogo oral e pon a proba a memoria do lector.



PARA OS/AS QUE XA LEN SÓS/SOAS



Sopa de rato, de Arnold Lobel. Un rato, a piques de ser papado por unha donicela, dille a esta que para facer unha sopa de rato moito máis saborosa precisa ingredientes de moitos contos. E así, o astuto ratiño comeza a contar historias que encandean a donicela...

La pequeña ciencia de la salud, de Valentín Fuster. Libro que ensina aos/as nenos/as a comer de maneira saudable.



A sopa queima, de Pablo Albo.

A sopa queima, mamá! Entón a nai díxolle o que sempre din as nais: — Pois sopra, filla, sopra. No día a día, os máis pequenos teñen que facer fronte a retos que a eles lles parecen insuperables, aínda cando para os adultos só se trate de cousas sen importancia; neste caso, a sopa a unha temperatura imposible.



Restaurante Farruco, de Chus Pereiro.

No xeitoso e moi feituco Restaurante Farruco celébrase un xantar moi especial: unha parella e o rei son atendidos polo camareiro Farruco, pola xefa de cociña Siñá Manuela e polo seu axudante.


PARA OS/AS MÁIS AVANZADOS/AS



Charlie e a fábrica de chocolate, de Roald Dahl. O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, agachou cinco billetes dourados nos envoltorios das súas chokolatinas. Os que dean con eles poderán visitar a súa misteriosa fábrica..

Pesadelo no tren de chocolate,

de Fina Casalderrey. Mientras los hermanos gemelos Iria y Lino esperan la llegada del tren Chocolate (que ellos llaman así por su color marrón), emocionados porque van a hacer por primera vez un viaje solos, el abuelo Manuel comenta preocupado que no le gusta.



Bon appétit, de Begoña García Ferreira. Enrico Pastorelli es un cocinero feliz, que disfruta experimentando sabores en su cocina de autor, creativa y lírica..

Falou un queixo, de Heidi Kühn-Bode. Quererás comelo dun bocado, pero hache saír antes unha gargallada tan grande coma un queixo.

